Facultade de Historia

Universidade Vigo

Guía do estudantado
Grao en Xeografía e Historia

Campus Universitario As Lagoas s/n 32004 Ourense

E-mail: sdefho@uvigo.es

Índice de contidos

- **Presentación da decana**
- **Organización da Facultade:** Localización, horarios, contactos de interese, órganos de goberno, Xunta de Facultade, espazos da Facultade (aulas, laboratorios, Delegación de Alumnado), conta de correo electrónico e carné universitario.
- **Organización do Grao:** Distribución das aulas por curso, descrición do Grao, estrutura do Grao, profesorado Prácticas externas, Traballo de Fin de Grao e visitas de estudos.
- **Coordinación académica:** contactos e Plan de Acción Titorial (PAT).
- **Mobilidade:** Programas SICUE, Bolsas Propias e ERASMUS plus.
- **Información académica:** Horarios, calendario de exames e convocatorias, matrícula, recoñecemento de créditos por actividades extra-académicas.
- **Xestión da Calidade**
- **Mestrados:** Mestrado en valoración, xestión e protección do patrimonio cultural e Mestrado interuniversitario en arqueoloxía e ciencias da antigüidade.
- **Programa Conxunto Turismo e Xeografía e Historia**
- **Outros servizos do Campus:** Edificio administrativo, gabinete psicopedagóxico, Biblioteca, actividades culturais, actividades deportivas e bolsas e emprego.

Presentación

Presentación da Decana:

As instalacións da Facultade de Historia están espalladas no chamado campus norte, é dicir, na zona do campus que está máis próxima ao centro da cidade. As principais tarefas que desenvolvemos a comunidade de Historia céntranse principalmente no coñecido popularmente como "Edificio de Ferro", convertido neste caso noso referente máis concreto, por erixirse como o punto de encontro máis habitual deste colectivo integrado por estudantes, persoal de administración e servizos e docentes.

Máis alá deste edificio ou doutros onde desenvolvemos as nosas tarefas cotiás, ofrecémoste un abano de posibilidades centradas na realidade que se produce no interior dos edificios. Refírome ás relacións humanas establecidas a moitos niveis entre os tres colectivos e que constituirán o principal eixe de aprendizaxe, por suposto da Historia, da Arte e da Xeografía, pero sobre todo da vida. Para elo é imprescindible non só a vosa presenza, senón a vosa ilusión e a vosa colaboración; precisamos sentir que ademais de adquirir amplas perspectivas sobre a diversidade, os títulos que impartimos neste centro axúdannos a sentirnos mellor na vida; a espertar a nosa conciencia crítica; o respecto as diversidades; a desenvolver a tolerancia e a pensar que as verdades absolutas non existen e que no mundo aínda queda moito por facer e nesa re-construción, os instrumentos que nos aportan as Humanidades, son imprescindibles para a procura dun mundo mellor.

Benvidos/as e ¡Sorte no empeño!

Susana Reboreda Morillo,

Decana da Facultade de Xeografía e Historia

Organización da Facultade

Localización

O Campus está localizado no barrio das Lagoas. A Facultade de Historia está ubicada no coñecido como “Edificio de Ferro”, que compartimos coa Facultade de Ciencias da Educación. No seguinte plano amósanse os principais edificios de interese para o alumnado do noso centro:

Horarios:

- **Facultade**

  A Facultade permanece aberta de luns a venres de 08:00 a 22:00 horas e no mes de agosto de 8:30 a 14:30 horas.

- **Secretaría de alumnado**

  Aberta de luns a venres de 08:30 a 14:30 horas (durante todo o ano).

Organización da Facultade

Contactos de interese:

- **Páxina web:** http://historia.uvigo.es/gl/
- **Facebook:** www.facebook.com/facultadehistoriaourense
- **Blog:** http://historiaourense.blogspot.com.es
- **Conserxería:** 988 38 71 01 / FAX: 988 38 71 59
- **Secretaría de alumnado:** 988 38 71 04 / 988 38 71 96
- **Secretaría do Decanato:** 988 38 72 00
- **Edificio Administrativo:** 988 38 71 02

Órganos de goberno:

Decana:

Susana Reboreda Morillo

Tfno.: 988 38 71 69 / rmorillo@uvigo.es

Secretario:

Adolfo Fernández Fernández

Tfno.: 988 38 71 11 / adolfo@uvigo.es

Xunta de Facultade:

A Xunta de Facultade é o órgano colexiado de representación, decisión e control da Facultade. Está composta pola decana, que a preside, o equipo decanal, o profesorado e unha representación dos estudantes e o persoal de administración e servizos.

Organización da Facultade

Espazos da Facultade

- **Aulas:** Contamos con seis aulas nas que se imparten as distintas materias e se realizan os exames. Todas elas están equipadas con proxector analóxico e pantallas electrónicas interactivas. En todo o campus contamos con servizo WIFI gratuíto para o alumnado.
- **Aula de informática:** Situada no primeiro andar. Sirve tanto como aula docente en caso de necesidade de ordenadores para o alumnado, como para uso persoal libre nas horas non lectivas. Conta ademais cun técnico informático especializado e cun servizo de fotocopias gratuítas para o alumnado. As normas de uso desta aula amósanse no seguinte enlace: http://historia.uvigo.es/images/docs/normativa/normativa_uso_aula_informatica.pdf
- **Laboratorios:** Existen un total de cinco laboratorios (sen contar co de informática) nos que se levan a cabo distintas investigacións propias das distintas áreas:
    - Xeografía: No segundo andar (Edificio de Ferro)
    - Arqueoloxía: No segundo andar (Edificio de Ferro)
    - Historia Medieval: No segundo andar (Edificio de Ferro)
    - Prehistoria e Historia Antiga: No soto (Pavillón2)
    - Historia Moderna e Contemporánea: No soto (Pavillón 2)

Organización da Facultade

- **Delegación do alumnado:** A súa sede está no primeiro andar, fronte a secretaría. Pódese contactar a través do e-mail: dafho@uvigo.es. Este espazo é de uso libre para todo o alumnado e consta de ordenadores e unha pequena biblioteca con manuais útiles que poden ser consultados no lugar. Frecuentemente utilízase como sala de estudo e tamén para as reunións dos representantes do alumnado. A Delegación é o órgano de representación estudantil institucional neste Facultade. Para cubrir as súas necesidades conta cun orzamento proporcional ao número de estudantes que representa. No Regulamento de Estudantes da Facultade, entre os fins indícanse:
    - Actuar como órgano de diálogo coas autoridades académicas no establecemento dunha información adecuada sobre a vida universitaria. Estes teñen voz e voto nos diversos órganos de goberno da universidade.
    - Xestionar os seus recursos e promover e coordinar actividades de extensión universitaria.
    - Elixir os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, naqueles casos para os que non exista regulamento de elección.

  Para máis información sobre a Delegación do Alumnado:
  Blog: http://www.dafhouvigo.blogspot.com.es/
  Web: http://historia.uvigo.es/gl/alumnado/delegacion-de-alumnos

Organización da Facultade

Conta de correo electrónico

No momento de formalizar a matrícula hai que solicitar unha conta de correo cun nome de usuario e coa extensión alumnos.uvigo.es. Con esta conta pódese acceder á WIFI en todas as instalacións da Universidade de Vigo. Permite unha comunicación cómoda co profesorado. Acceso conta de correo: https://correoweb.uvigo.es/login.php

Carné universitario

O Carné Universitario é unha tarxeta intelixente realizada en colaboración co Banco Santander, que acredita ao estudantado, profesorado e persoal de administración e servizos como membros da comunidade universitaria. Ademais de todas as funcións asociadas ás tarxetas intelixentes, o carné poderá dispoñer de servizos financeiros 4B Maestro, e se solicitan voluntariamente.

- **¿Para qué se emprega?**

  O carné universitario pódese empregar como acreditación universitaria, para acceder a recintos concretos, para poder sacar libros emprestados da biblioteca, e serve como tarxeta deportiva e moedeiro electrónico (en caso de solicitalo). Para máis información: https://uvigo.gal/uvigo_gl/vida/tarxeta-universitaria.html

Organización do Grao

Distribución das aulas por curso

Curso	Aula
1º de Grao	Clases teóricas: 0.5
	Grupo 1: 0.5
	Grupo 2: 0.8
2º de Grao	Clases teóricas: 0.6
	Grupo 1: 0.6
	Grupo 2: 2.2
3º de Grao	0.7
4º de Grao	2.3
Aula de materias na que se grava docencia: 2.1	

Descrición do Grao

Para obter o título é necesario cursar 240 créditos ECTS. Durante os tres primeiros cursos, as materias son de 6 créditos e obrigatorias. En cuarto curso se elixen as optativas (6 materias de 6 créditos) e se realizan as Prácticas e o Traballo de Fin de Grao (TFG), ambas materias obrigatorias e de 12 créditos.

Organización do Grao

Estrutura do Grao

1º DE GRAO	
1º Cuadrimestre	**2º Cuadrimestre**
Fundamentos da xeografía física	Fundamentos de xeografía humana
Introdución a etnoloxía	Introdución á historiografía
Linguaxes e técnicas artísticas	Arte clásica
Inglés para humanidades	Teoría e método da arqueoloxía
Historia de América precolombina e colonial	Prehistoria universal

2º DE GRAO	
1º Cuadrimestre	**2º Cuadrimestre**
Espazos e sociedades	Metodoloxía da historia
Fontes de información en humanidades	Historia moderna universal
Historia antiga universal	Historia contemporánea universal
Historia medieval universal	Historia da arte medieval
Paleografía	Arqueoloxía aplicada

Organización do Grao

3º DE GRAO	
1º Cuadrimestre	**2º Cuadrimestre**
Historia antiga da Península Ibérica	Historia contemporánea de España
Historia da arte moderna	Historia da arte contemporánea
Historia medieval da Península Ibérica	Historia moderna de España
Prehistoria da Península Ibérica	Mundo actual
Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	Sistemas de representación xeográfica

4º DE GRAO	
1º Cuadrimestre	**2º Cuadrimestre**
Historia de América contemporánea (OP)	Historia contemporánea de Galicia (OP)
Diplomática e arquivística (OP)	Historia moderna de Galicia (OP)
Historia das relixións (OP)	Prácticas externas
Historia antiga do noroeste da Península Ibérica (OP)	Traballo de fin de grao
Historia da arte de Galicia (OP)	
Historia medieval de Galicia (OP)	
Xeografía de Galicia (OP)	
Prehistoria do noroeste da Península Ibérica (OP)	

Profesorado do Grao

Docente	Despacho	Contacto
Álvarez Vázquez, Miguel Ángel	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 11	988 38 71 36 mianalva@uvigo.es
Barriocanal López, Yolanda	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 27	988 38 71 40 barriocanal@uvigo.es
Brañas Abad, Rosa	Pavillón 2. Soto Despacho 18	988 38 72 28 rbranas@uvigo.es
Carballo-Calero Ramos, Mª Victoria	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 25	988 38 71 14 vccalero@uvigo.es
Castro Pérez, Ladislao	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 20	988 38 71 19 castro@uvigo.es
Comendador Rey, Beatriz	Pavillón 2. 1ª Andar Despacho 21	988 38 71 41 beacomendador@uvigo.es
Domínguez López, Ángel	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 4	988 38 72 04 adominguez@uvigo.es
Fariña Busto, Mª José	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 22	988 38 71 17 pepa@coag.es
Fernández Carballo-Calero, Mª Victoria	Pavillón 2. Soto Despacho 19	988 38 73 03 victoria@uvigo.es
Fernández Fernández, Adolfo	Pabellón 2. 1º Piso Despacho 28	988 38 71 11 adolfo@uvigo.es
Beatriz Figueroa Revilla	Facultade CC. da Educación. Pavillón 1. 2º Andar Despacho 3 FCETOU Despacho E/5-3	988 36 87 57 revilla@uvigo.es
De Juana López, Jesús	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 19	988 38 71 12 jjuana@uvigo.es
Ledo Lemos, Francisco José	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 4	988 387 204 ledolemos@uvigo.es

Docente	Despacho	Contacto
López Díaz, María	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 8	988 38 71 13 marial@uvigo.es
Patiño Romarís, Carlos Alberto	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 22	988 38 71 17 carlosalberto.patino@uvigo.es
Pérez Losada, Fermín Emiliano	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 29	988 38 72 68 fermin@uvigo.es
Pérez Rodríguez, Francisco Javier	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 26	988 38 71 50 fjperez@uvigo.es
Prada Rodríguez, Julio	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 6	988 38 72 88 jprada@uvigo.es
Presedo Garazo, Antonio	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 12	988 387115 antonio.presedo@uvigo.es
Reboreda Morillo, Susana	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 7	988 38 72 69 rmorillo@uvigo.es
Sixirei Paredes, Carlos	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 5	988 38 71 99 sixirei@uvigo.es
Souto Castro, Iria	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 11	988 38 71 36 isouto@uvigo.es
Uña Álvarez, Elena de	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 31	988 38 71 37 edeuna@uvigo.es
Valín Fernández, Alberto	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 3	988 38 71 54 avalin@uvigo.es
Valle Abad, Patricia	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 28	988 38 71 16 pvalle@uvigo.es
Vaquero Díaz, Beatriz	Pavillón 2. 1º Andar Despacho 24	988 38 71 52 mdiaz@uvigo.es

Organización do Grao

Prácticas externas

As prácticas externas curriculares están orientadas a completar e reforzar as competencias asociadas ao título. Realizaranse nun entorno laboral e profesional real relacionado con algún ámbito da historia, da xeografía ou da historia da arte, baixo a supervisión dun titor na entidade colaboradora e un titor académico na Facultade. Estas desenvolveranse en 4º de Grao. Non obstante, pódense realizar xa en 3º de Grao e solicitar no vindeiro curso a validación. Para máis información das prácticas:

http://historia.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas

Traballo de Fin de Grao

O Traballo de Fin de Grao ten como obxectivo a posta en práctica dos coñecementos e competencias adquiridos durante o período da súa formación académica. Trátase dun traballo relacionado con algún dos múltiples ámbitos da Historia, da Xeografía ou da Historia da Arte, sempre baixo a supervisión dun titor académico. O Traballo de Fin de Grao presentarase mediante unha memoria escrita e será defendido oralmente ante un tribunal nomeado a tal efecto. É un requisito obrigatorio para a súa presentación ter superadas todas as materias. Para máis información sobre o Traballo Fin de Grao:

http://historia.uvigo.es/gl/docencia/traballo-fin-de-grao

Organización do Grao

Visitas de estudos

Ó longo do curso organízanse diversas saídas de estudos para o alumnado. Estas poden ser durante o curso en visitas dun só día, ou ben máis longas.

Destacan entre todas elas as "Viaxes de Estudos Arqueolóxicos" realizadas cada ano en torno a semana de Entroido. Estas están organizadas conxuntamente polo profesor de arqueoloxía, Fermín Pérez Losada, e a Delegación do alumnado da Facultade, e consisten en viaxes autoxestionadas a países relevantes dende o punto de vista histórico, con especial interese nos vestixios arqueolóxicos. Ata a data, organizáronse viaxes a Inglaterra, Turquía, Marrocos, Alemaña, Benelux, Grecia e norte de Italia.

Coordinación académica

Coordinacións:

- **Coordinadora da Titulación de Grao:** Beatriz Vaquero Díaz
  (✉ mdiaz@uvigo.es ☎ 988 38 71 52)

- **Coordinadora de Relacións Exteriores:** Susana Reboreda Morillo
  (✉ rmorillo@uvigo.es ☎ 988 38 72 69)

- **Coordinador do Traballo Fin de Grao:** Julio Prada Rodríguez
  (✉ jprada@uvigo.es ☎ 988 38 72 88)

- **Coordinadora de Prácticas:** Beatriz Vaquero Díaz
  (✉ mdiaz@uvigo.es ☎ 988 38 71 52)

- **Coordinadora de Calidade:** Susana Reboreda Morillo
  (✉ rmorillo@uvigo.es ☎ 988 38 72 69)

    - **Colaborador de Calidade:** Antonio Presedo Garazo
      (✉ antonio.presedo@uvigo.es ☎ 988 38 71 15)

- **Coordinadora do Plan de Acción Titorial:** Susana Reboreda Morillo
  (✉ rmorillo@uvigo.es ☎ 988 38 72 69)

- **Enlace Unidade de Igualdade:** Susana Reboreda Morillo
  (✉ rmorillo@uvigo.es ☎ 988 38 72 69)

- **Encargada alumnado con necesidades especiais:** Susana Reboreda Morillo (✉ rmorillo@uvigo.es ☎ 988 38 72 69)

Coordinación académica

Plan de Acción Titorial (PAT)

O Plan de acción titorial (PAT) da Facultade de Historia recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas.

Supón superar o modelo tradicional de ensino universitario só preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo en que conflúen tamén funcións socio-educativas, baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, etc.; apóstase, en definitiva, polo trato máis personalizado, ademais do académico.

Preténdese ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do alumnado, que normalice as distintas accións e acade un axeitado equilibrio entre as expectativas das alumnas e alumnos e os obxectivos que se expoñen no marco do Espazo Europeo de Educación Superior.

O PAT ten como obxecto a garantía, adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, adquisición de competencias do alumnado, atención á diversidade, orientación á aprendizaxe, e procura dunha igualdade de xénero, recollidos tanto nas memorias dos títulos como no sistema de garantía de calidade do centro.

Podes obter máis información sobre o mesmo (incluída a relación de titores e estudantes) en:

http://historia.uvigo.es/gl/alumnado/plan-de-accion-titorial

Mobilidade

Programas de mobilidade

- **SICUE:** O Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Españois (SICUE) permite realizar estudos noutra universidade española. O requisito imprescindible é que entre ambos centros (orixe e destino) haxa un convenio que permita o recoñecemento dos estudos realizados. Na actualidade os destinos son:

  - Granada, Málaga, Vitoria, León, Salamanca, Santiago de Compostela e Valencia.

  Estes destinos poden ser ampliados a suxestión dos/as estudantes sempre que se faga ca suficiente antelación.

- **Programa de Cooperación Interuniversitaria E.A.L. ou "Bolsas Propias":** Facilitan as estancias (un cuadrimestre ou curso completo) de estudantes de grao de cursos superiores, mestrado ou doutoramento en Universidades de América Latina. A convocatoria destas prazas ofértase de forma centralizada a todos os estudantes da Universidade de Vigo.

- **ERASMUS plus:** Facilitan as estancias (un cuadrimestre ou curso completo) en Universidades europeas, a partir de convenios individualizados entre centros.

Mobilidade

As Universidades coas que a Facultade de Historia ten convenios son:

- Université de Franche-Comté, Besançon, Francia.
- Université de Bretagne- Sud, Lorient, Francia.
- Université de Pau et des Pays d l'Adour, Pau, Francia.
- Università degli Studi di Catania, Catania, Italia.
- Universidà degli Studi di Cagliari, Cagliari, Cerdeña, Italia
- Universitá degli studi de Roma Tre, Roma, Italia´´
- Jan Kochanowski University of Humanities and Sciencies, Kielce, Polonia.
- Uniwersytet Lodzki, Lodz, Polonia.
- Universidade de Lisboa, Lisboa, Portugal.
- Universidade do Minho, Braga, Portugal.
- Univerzita Jana Evangelisty Purkyne v Usti nad Ladem, Usti nad Ladem, República Checa.
- Gazi Üniversitesi, Ankara, Turquía.
- Suleyman Demirel University, Cazaquistán, Turquía.
- Kirklareli University, Kirklareli, Turquía.

Máis información en:

http://historia.uvigo.es/gl/mobilidade

Información académica

Horarios

Os horarios das actividades (clases teóricas, prácticas, seminarios, saídas, titorías, etc.) de todas as materias do Grao son sempre aprobados en Xunta de Facultade. Todos eles atópanse dispoñibles no seguinte enlace:

http://historia.uvigo.es/gl/docencia/horarios

Calendario de exames e convocatorias

- **Convocatoria ordinaria:**

Segundo a normativa da Universidade de Vigo, nas ensinanzas de Grao establécese unha única cualificación por curso académico, se ben se realizará en dúas etapas, unha ao final de cada cuadrimestre e outra no mes de xullo. Esta última permitirá recuperar os contidos non superados.

Establécense tres períodos para as probas de avaliación:

- Xaneiro: materias do primeiro cuadrimestre.
- Maio: materias do segundo cuadrimestre.
- Xullo: segunda oportunidade para as materias de ambos cuadrimestres.

- **Convocatoria extraordinaria Fin de carreira**

Esta opción vai dirixida exclusivamente ao estudantado que lles falten un máximo de 24 ECTS para finalizar os seus estudos (sen contar créditos do Traballo de Fin de Grao). É requisito indispensable ter sido avaliado destes contidos con anterioridade.

As datas son sempre aprobadas pola Xunta de Facultade. Todas elas atópanse dispoñibles no seguinte enlace:

http://historia.uvigo.es/gl/docencia/exames

Información académica

Matrícula

Toda información relativa á matrícula atópase dispoñible no seguinte enlace:

http://historia.uvigo.es/gl/alumnado/matricula

Inclúe información acerca de normativas, novidades, prazos, requisitos específicos das titulacións, documentación requirida, modificacións ou anulación de matrícula, etc.

Recoñecemento de créditos por actividades extra-académicas

O estudantado poderá obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, ata un máximo de 6 créditos. Os créditos ECTS recoñecidos incorporaranse ao expediente e ao Suplemento Europeo ó Título. Tamén hai a posibilidade de obter outros 6 créditos ECTS por ter cursado idiomas nunha Escola oficial de idiomas ou na universidade.

A normativa da Universidade de Vigo sobre recoñecemento de créditos por actividades e os procedementos atópanse no enlace:

http://extension.uvigo.es/extension_gl/validacion

Xestión da Calidade

En que consiste a Calidade

O principal obxectivo das accións da Calidade é o mantemento e mellora do proceso formativo e velar polo bo funcionamento dos centros, en particular, e da Universidade, en xeral.

Dentro deste contexto, a Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo deseñou un Manual da Calidade, que inclúe as normas e a documentación que axudarán a poñer en práctica as actuacións previstas coa principal finalidade de conseguir unha mellora continua dos títulos que se imparten no centro.

O Sistema de Garantía Interno da Calidade (SGIC) da Facultade de Historia debe garantir a calidade de todas as titulacións de grao e mestrado. Para que esta tarefa sexa unha realidade precisamos a colaboración de toda a comunidade da facultade (profesorado, estudantado e persoal de administración e servizos) que se atopa representada na Comisión de Calidade.

O programa FIDES-AUDIT recoñece mediante un certificado a implantación e o correcto funcionamento do Sistema de Garantía Interno de Calidade.

Para máis información: http://historia.uvigo.es/gl/calidade

Centro certificado
FIDES-AUDIT

Mestrados

Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural:

MÁSTER EN VALORACION,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

Universida de Vigo

HTCO3

ESCOLA · SVPERIOR DE · CONSERVACION E · RESTAVRACION DE · BENS · CVLTVRAIS DE · GALICIA

Facultade de Historia
Universida de Vigo

http://masterhtco3.webs.uvigo.es/gl

Mestrados

Mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade:

Máster Interuniversitario en

Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA Universidade de Vigo CSIC incipit

http://arqueoloxia.webs.uvigo.es

Programa Conxunto

Programa Conxunto Turismo – Xeografía e Historia

A Universidade de Vigo, no seu obxectivo de ofrecer alternativas de formación que melloren a oferta dispoñible, posibilita que un/ha estudante poida cursar de forma simultánea os estudos de Grao en Xeografía e Historia e Grao en Turismo no Campus de Ourense, mediante a proposta dun programa conxunto elaborado polas facultades de Historia e de Ciencias Empresariais e Turismo sobre os plans de estudos oficiais.

A simultaneidade (programa conxunto) do Grao en Turismo e do Grao en Xeografía e Historia regularanse, como todos os plans conxuntos da Universidade de Vigo pola Normativa de Programa Conxunto de Estudos Oficiais de Grao na Universidade de Vigo (aprobada no Consello de Goberno de 23 de Xuño de 2015 e modificada no Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2016).

Non obstante, a normativa xeral esixe en cada caso a concreción e o desenvolvemento de algúns aspectos por parte dos Centros que colaboran na impartición do programa. A seguinte normativa, respectando escrupulosamente os contidos da xeral, supón unha concreción e desenvolvemento dos contidos daquela:

Normativa do Programa Conxunto Turismo-Xeografía e Historia

Outros servizos do Campus

Edificio administrativo

- **Área de Servizos á Comunidade para profesores, alumnos e PAS**
  - siope-ou@uvigo.es
  - 988 387 102 / 988 387 165
- **Rexistro**
  - rex-our@uvigo.es
  - 988 387 103
- **Técnicas de Formación**
  - fuvi-ou8@uvigo.es
  - fuvi-ou9@uvigo.es
- **Oficina de Apoio ao Emprendedor (SAUM Ourense)**
  - emprende-ou@uvigo.es
  - 988 387 306

Gabinete psicopedagóxico

Está a disposición do estudantado no soto da facultade, para orientalo e asistilo tanto en cuestións académicas como noutras de índole persoal. Preténdese cumprir os seguintes obxectivos:

- Asesorar ó estudantado na planificación e desenvolvemento da súa traxectoria académica e profesional.
- Incrementar os niveis de autoestima e de motivación persoal e profesional.
- Mellorar os hábitos de estudo, a organización dos traballos e aprender distintas técnicas de estudo para conseguir un maior éxito ó longo da carreira.

Outros servizos do Campus

Biblioteca

Está presente nos tres campus (Ourense, Pontevedra e Vigo) e coordinada pola Biblioteca Central do campus Lagoas-Marcosende en Vigo.

Cada persoa poderá sacar da Biblioteca da UVIGO un total de 3 exemplares durante 10 días, que poderá renovar ata en dúas ocasións. No caso de estar matriculado no Traballo de Fin de Grao, o límite será de 10 exemplares durante 30 días, con ata cinco renovacións.

Para máis información sobre horarios, catálogo, recursos online, contactos, etc. podes consultar a páxina web da Biblioteca:

www.biblioteca.uvigo.es/biblioteca_gl

Outros servizos do Campus

Actividades culturais

A Oficina de Actividades Culturais do campus de Ourense celebra ao longo do curso unha interesante e diversa programación cultural e educativa co obxectivo de complementar a formación universitaria e dinamizar a vida no campus e na cidade de Ourense. Máis información no enlace:

http://vicou.uvigo.es/gl/cultura

Deportes

O Servizo de Deportes encárgase de xestionar e coordinar as actividades e eventos de carácter deportivo do campus. O Pavillón Deportivo (Servizo de Deportes) sitúase cerca da Biblioteca.

Máis información no enlace: http://deportes.uvigo.es/inicio

Outros servizos do Campus

Bolsas e emprego

A Universidade de Vigo conta cun programa de bolsas e axudas para o estudantado de grao e mestrado: axudas ao intercambio (Erasmus plus, bolsas propias, etc.), de residencia, comedor, etc. Do mesmo xeito, aqueles/as estudantes que ao finalizar os seus estudos decidan seguir a súa formación, tamén dispoñen de distintas ofertas, xa sexa da propia universidade ou de distintas convocatorias autonómicas ou estatais.

Máis información no enlace:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/vida/igualdade/bolsas

Para a axuda á inserción no mercado laboral, a Universidade conta co servizo Fundación UVI-GO (FUVI) que se encarga da xestión de prácticas preprofesionais externas non curriculares, así como de anuncios e ofertas de emprego enfocados aos recentemente graduados (ou de último curso). Tamén organiza cursos e talleres activos de busca de emprego e conta cun área de orientación laboral que informa e axuda de forma individualizada á busca de emprego (creación de CV, cartas de presentación, entrevistas de traballo, etc.).

- Outros enlaces de interese
  - Fundación UVIGO
    http://fundacionuvigo.es
  - Área de emprego
    http://emprego.uvigo.es
  - Outras
    http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/administracion/ori/uvigo